A normativa de Asistencia a Clase nas Ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, acorda no Consello de Goberno do 25 de Marzo do 2010, establece no seu terceiro punto o seguinte:

O alumnado poderá xustificar a falta de asistencia por razóns de índole persoal, familiar ou pola relación de deberes inescusables de carácter social debidamente xustificadas. Cando isto suceda e a xustificación fidedigna sexa adecuada e aceptada, **a falta nos implicará consecuencias negativas.**

Son causas xustificadas as seguintes:

- A realización de exames oficiais ou probas selectivas na Administración, xustificada mediante a acreditación do órgano avaliador.
- A presenza en órganos colexiados universitarios cando sexa representante dun colectivo, acreditado mediante a correspondente convocatoria.
- O ingreso en centro hospitalarios ou as consultas médicas programadas, acreditado polo xustificante do centro médico.
- A enfermidade que impida a presenza física no centro, debidamente acreditada.
- **A folga ou o paro académico colectivo.**
- A enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata o 2º grao, debidamente acreditada.
- Cumprimento dun deber público debidamente xustificado.
- Calquera outra causa de forza maior, a xuízo do Decanato, nos graos, ou da Coordinación do máster, nos máster.

A acreditación de causa legal de falta de asistencia deberá realizarse perante o docente nun prazo máximo de dez días dende que rematou a causa que lle impediu asistir. A xustificación presentada, unha vez aceptada, non se terá en conta nos listados de asistencia.

Polo tanto, acolléndonos á normativa vixente, as persoas abaixo asinantes, manifestamos a nosa intención de secundar o **PARO ACTIVO do día 8 de Marzo do 2018**, con motivo da Folga de Mulleres. Para que quede constancia facemos entrega do seguinte documento.

NOME E APELIDO	DOCUMENTO DE IDENTIDADE	SINATURA

NOME E APELIDO	DOCUMENTO DE IDENTIDADE	SINATURA